

# XORNADAS DE COMUNICACIÓN E DEBATES

21 E 22 DE ABRIL DE 2010

EXPOSICIÓN

DO 18 DE MARZO AO 30 DE ABRIL DE 2010

Casa das Asociacións

Rúa Manuel Beiras, 3 (antiga estación de Cornes)  
15706 Santiago de Compostela

Mañás : de 9 a 14 h (luns a venres) e de 10 a 14 h (sábado)  
Tardes : de 16:30 a 21:30 (martes a sábado)

Esta versión itinerante da exposición está baseada no proxecto orixinal da mostra organizada polo Ministerio de Cultura, a través da Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales (SECC).

ITINERANCIA EN  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



PROXECTO

FUNDACIÓN FRANCISCO GINER DE LOS RÍOS  
[INSTITUCIÓN LIBRE DE ENSEÑANZA]

PRODUCCIÓN EXECUTIVA



Residencia de Estudiantes


COLABORA

IVC La Filmoteca

INSTITUTO VALENCIANO DE INVESTIGACIONES Y DOCUMENTACIÓN

GENERALITAT VALENCIANA

MINISTERIO DE CULTURA



CONCELLO DE  
SANTIAGO

CONCELLARÍA DE  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ

# UNHA NOVA OLLADA EN TORNO AS MISIÓNS PEDAGÓXICAS

santiago de  
compostela

XORNADAS DE COMUNICACIÓN  
E DEBATES  
na Casa das Asociacións

21 E 22 DE ABRIL DE 2010

A máis de setenta anos desta formidable experiencia pedagóxica e de difusión da cultura, compre ter en conta que –as veces– a preeminencia do ‘*agora*’ como consecuencia das modificacións culturais na nosa era globalizada, produce o esquecemento do pasado e o desentendemento con respecto ao futuro da nosa sociedade, inscribíndoa nunha relación pasiva e receptiva cuxos custos para os suxeitos e a cultura son vitais.

Por isto, a Concellaría de Participación Cidadá desexa enriquecer a mostra estática cun formato participativo que permita reactualizar os afáns desa xeración de mozas e mozos intelectuais, pintor@s, escritor@s ou mestr@s que traballaron con ilusión xunto aos habitantes de aldeas e vilas nas Misións, porque conservalos na memoria da historia como parte do pasado faríanos perder a relación vital co noso tempo presente e futuro.

1931♦1936  
LAS MISIONES  
PEDAGÓGICAS

## XORNADAS DE COMUNICACIÓN E DEBATES na Casa das Asociacións

As xornadas de comunicación, reflexión e debate pretenden establecer diálogos coa finalidade de resituar definicións actuais sobre: a educación cidadá, o acceso aos bens culturais, a impronta deixada polas mulleres no fomento da ensinanza e a cultura, o feminismo nas aulas e na produción cultural... Procuran ademais confrontar as perspectivas de xénero na historia da arte e a educación, no marco das Misións e na actualidade.

### PROGRAMA

21 de ABRIL DE 2010 (19 a 21 h)

Mesa redonda e debates “Unha ollada Histórica”

“A Institución Libre De Ensinanza En Galicia”

Eugenio Otero Urtaza  
Herminio Barreiro Rodríguez  
Antón Costa Rico  
Anxo Serafín Porto Ucha

22 de ABRIL DE 2010 (19 a 21 h)

Mesa redonda e debates “Unha ollada Feminina”

“Precursoras galegas no fomento da ensinanza e da cultura.

Arte e muller: perspectivas de xénero na historia da arte e a educación.

Unha ollada feminina aos novos retos do ensino ou a produción cultural”.

Aurora Marco  
Guillermina Domínguez  
Rosa Gómez Limia

As Xornadas e mais a exposición están dirixidas a todas as persoas interesadas nas problemáticas da innovación educativa, na historia, nas perspectivas de xénero na historia da arte e a educación, e nos modos de produción e difusión cultural e serán, sen dúbida, de interese para estudantes, profesores universitarios e público en xeral.

### A EXPOSICIÓN

DO 18 DE MARZO AO 30 DE ABRIL DE 2010

Esta versión itinerante que a Concellaría de Participación Cidadá acolle na Casa das Asociacións, está baseada no proxecto orixinal da mostra organizada polo Ministerio de Cultura, do proxecto Fundación Francisco Giner de los Ríos, [Institución Libre de Ensinanza] e producida pola Residencia de Estudiantes. Conta ademais coa colaboración do Museo Pedagóxico de Galicia.

A mostra, comisariada por Eugenio Otero Urtaza, ofrece ao público compostelán a oportunidade de coñecer as Misións Pedagóxicas e divídese en varios apartados que recorren desde os antecedentes desta experiencia — que hai que buscar en torno a 1881, cando desde a Institución Libre de Ensinanza, Francisco Giner de los Ríos propuxo unha serie de medidas para a reforma da instrución pública, entre as que se incluía a creación de «misións ambulantes»— até os servizos que ofrecían as Misións Pedagóxicas: o Servizo de Bibliotecas (que repartiu máis de cinco mil bibliotecas e máis de medio millón de libros), o Museo do Pobo, o Servizo de Cine e proxeccións fixas, o Coro e Teatro do Pobo, o Servizo de Música ou o Retablo de Fantoches.

Eugenio Otero Urtaza

Profesor de Historia da Educación da USC no Campus de Lugo.

Comisario da Exposición "Misións Pedagóxicas 1931-1936".

Anxo Serafín Porto Ucha

Profesor Titular Facultade de Ciencias da Educación, USC. Doutor en Filosofía e Ciencias da Educación. Liñas de investigación: a Institución Libre de Enseñanza, a historia da formación do profesorado en Galiza e a depuración do maxisterio durante o franquismo. Membro de: Sociedad Española de Historia de la Educación, Societat d'Historia de l'Eduació dels Països de Llengua Catalana, Nova Escola Galega e Museo do Pobo Galego, entre outros.

Herminio Barreiro Rodríguez

Profesor Emérito no Departamento de Teoría e Historia da Educación da USC. Liñas de investigación: A renovación educativa en España no primeiro tercio do século XX, centrada sobre todo na figura do pedagogo institucionista Lorenzo Luzuriaga e As orixes dos sistemas educativos europeo, e, en particular, a obra de Jean-Jacques Rousseau.

Antón Costa Rico

Profesor de Política e Lexislación Escolar e Historia da Educación en Galicia, USC. Autor de numerosas publicacións. Liñas de investigación: Política Educativa e Estado Autonómico e Historia da Educación en Galicia.

Aurora Marco

Catedrática de Didáctica da Lingua e a Literatura Galega na Facultade de CC. da Educación da USC e escritora. No campo da investigación traballa na didáctica da literatura e na recuperación da historia das mulleres. Ten publicado numerosos libros, entre eles: *As precursoras* (1993), *Mulleres e educación en Galiza. Vidas de mestras* (2002), *Áurea Lorenzo Abeijón. Queixas* (2004), *Diccionario de mulleres galegas* (2007). Editora e coordinadora de Simposio Internacional Muller e cultura (1993), Estudos sobre muller, lingua e literatura (1996).

Guillermina Domínguez Touriño

Licenciada en Xeografía e Historia, profesora de Historia e Historia da arte de bacharelato. Publicou obras que xiran arredor da historia das mulleres como : As Mulleres na Historia, As mulleres como obxecto e suxeito da Arte. É coautora de Textos para a Historia das Mulleres en Galicia, e de Tres Mulleres galegas de armas tomar: María Balteira, María Castaña e María Soliña. Comprometida co movemento feminista participa en mesas redondas, programas de radio e televisión, defendendo a plena igualdade e os dereitos das mulleres.

Rosa Gómez Limia

Xornalista, escritora e investigadora. Presidenta da asociación Teenses pola igualdade. 2ª muller deputada no parlamento galego. Dirixe a revista ecoloxista Ambienteo. Dende a Concellaría de Cultura en Mugardos creou unhas Xornadas Municipais de Pedagogía coa participación de Fabrizio Caivano (Director daquela de Cadernos de Pedagogía) e Marta Mata iniciadora da Escola Rosa Sensat de Cataluña nos tempos do franquismo máis pechado.

### Equipa

Guadalupe Rodríguez Silva  
Concelleira de Participación Cidadá e Normalización Lingüística.

Teófila Noemí Ruiz  
Asistencia Técnica. Deseño das Xornadas

Miguel Vilariño Lorenzo  
Montaxe e loxística. Representante no Consello de Relación Veciñais.

Julio López Nogueira  
Estudiante Ciencias Políticas en prácticas. Colaborador xornadas

Agustín Pena Herba  
Xestións e apoio. Representante no Consello de Relación Veciñais.